

## PEZA DO MES

xaneiro

2008



**CRISTO GÓTICO DE ALLARIZ**



## CRISTO GÓTICO DE ALLARIZ

Nº de rexistro 284

Talla de madeira policromada  
(64,7cm x 38cm x 2cm)

A Crucifixión de Cristo é o tema central da iconografía cristiá, non so porque se representa o sacrificio de Deus pola salvación dos homes, se non tamén, como garante da súa propia salvación. Por este motivo a imaxe de Xesús crucificado ocupa lugar preferente dentro das igrexas.

A súa representación variou considerablemente, nos primeiros séculos do cristianismo optouse por non representar a morte de Xesús e recorreuse ao simbolismo a través da figura do Cordeiro Místico.

A partires do século V a arte cristiá perde o medo a representar a Cristo no seu martirio. A razón deste cambio de mentalidade haina que buscar no desexo de adoutramento e na loita da Igrexa contra herexías como o *docetismo monofisita*, cuxa doutrina fusionaba a dobre natureza de Cristo na súa natureza divina, outorgándolle ao seu suplicio na Cruz o valor dunha simple aparencia. Isto levou a

optar por un tipo de representación vivo e coa coroa real mostrando o seu triunfo sobre a morte.

A pregunta que cabería facerse é ¿Que razóns motivaron o paso a representación de Cristo morto?. Téñense aducido simples motivacións estéticas: pola preponderancia dunha moda naturalista; e teolóxicas: pola influencia do Evanxeo de San Mateu, fronte ao de San Xoán, e o feito que a propia Igrexa considera a morte de Cristo un acto de vontade divina e non soamente un proceso físico.

O certo é que debemos atribuír o cambio a unha transformación da mentalidade cristiá, na que terán un especial papel as ordes mendicantes, e obras como: as *Meditaciones* de San Boaventura, e as *Revelaciones* de Santa Brixida nas que se busca conmoer aos fieis co suplicio do Salvador na cruz.

Este mes presentamos unha pequena imaxe de Cristo Crucificado de madeira policromada do cal non temos máis novas que as que aparecen no nº 63, tomo III do *Boletín da Comisión de Monumentos Histórico Artísticos de Orense*, onde se informa dunha doazón feita por Francisco Conde Valvís, en 1908: dun pequeno “Crucifijo de madeira de estilo Románico”, procedente da Comarca de Allariz-Maceda.

Tal como a vemos hoxe non presenta a súa aparencia orixinal, xa que no proceso de restauración ao que recentemente foi sometida, decidiuse conservar todas as capas de policromía. O pequeno tamaño da peza non permitiu facer catas que deran a coñecer con exactitude o estado da capa polícroma máis antiga, que na estratigrafía aparenta atoparse bastante perdida. Nas súas capas máis recentes, mostra que se utilizaron uns pigmentos moi grosos, nalgúns puntos incluso emboutados, tanto para as encarnacións como para representar o sangue e os cabelos.

Debido a todo isto, optouse por facer unha limpeza superficial da sucidade acumulada e de fixación das partes polícromas máis susceptibles de desprenderse, así como da eliminación dos elementos estraños a peza, que servían de suxeición.

As diferenzas no número de capas, consistencia e grosor entre a policromía da figura de Cristo –ata cinco-, a Cruz e a peaña, fan pensar en cronoloxías diferentes para cada unha delas, polo que ningunha das tres partes da peza formaría conxunto en orixe.

Tamén se aprecian diferenzas no tipo de madeira da figura de Cristo e a cruz con respecto a peaña a cal é de frondosa mentres que se utiliza conífera para as outras dúas partes.

Tendo en conta que aparece enmascarada polas diferentes capas de pigmentación, o cal nos limita a



hora de coñecer detalles anatómicos, nos atopamos cunha talla frontal, moi sinxela e pouco lograda no tratamento da anatomía e no dominio das proporcións.

Sen embargo aporta novidades iconográficas con respecto a modelos coñecidos e paradigmáticos da escultura do románico, como son Vilanova dos Infantes e San Salvador de Penedos, no propio Allariz.

Porta un pano de pureza corto, en comparación cos dous exemplos anteriores, lixeiramente por riba dos xeonllos e cinguido ao corpo por unha corda. Superpón os pes cun so cravo, fronte a disposición tradicional do Románico. Aínda que conserva a coroa real, é xa un Cristo morto cun rostro que, sen embargo mostra serenidade e non delata sufrimento.

As súas características iconográficas: o aproximan a unha nova sensibilidade cristiá. O feito de que porte coroa real non é infrecuente na representación do Crucificado ata principios do século XIV. O *perizonium*, tan corto, e moi diferente dos que podemos ver en San Salvador de Vilanova dos Infantes ou San Salvador de Penedos e incluso en obras consideradas de principios do século XIV como o Calvario da Igrexa Parroquial de San Fiz de Cangas (Pantón, LUGO).


É difícil establecer unha cronoloxía precisa para este Crucificado debido ás poucas obras que coñecemos similares e á falta de documentación dispoñible. Partindo destes datos poderíamos establecer unha cronoloxía de primeira metade do século XIV para esta peza, a cal, a pesar do “popular” da súa factura, ten interese porque nos informa dun cambio na forma de entender a iconografía de Cristo na cruz, máis próxima a sensibilidade e devoción popular.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

### O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Oscar Montero Feijoo.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE